

Benqueridos nenos/as e familias:

Chegou o momento de despedirnos deste curso tan especial.

Quero agradecervos, meus pequenos/as, a vosa disposta participación e o enorme esforzo feito por todos vós ao longo destes meses, así como a inestimable implicación e colaboración das vosas familias, para poder levar adiante este trimestre nunhas circunstancias excepcionais.

Estou moi orgullosa da vosa resposta, do voso compromiso coas tarefas e do voso progreso e quero transmitírvolo para que vós tamén o sintades: desfrutade moitísimo destas merecidas vacacións coa satisfacción de ter o traballo ben feito.

Moitas grazas por todo e feliz verán!

Botareivos moito de menos.


Vanesa Rojo.





## RECOMENDACIÓNS VERÁN 2020

- ☀️ Gozade coa lectura de libros, cómics, revistas... que vos gusten. Lede algúns días para vós en silencio e outros en voz alta para a vosa familia, que de seguro estará encantada de escoitarvos. Á hora de mercar libros de lectura, o máis importante sempre é que se adapte aos intereses do nenos/a; para os máis indecisos, eu douvos estas suxestións de lectura:
  - *Maldito renacuajo*. Maite Carranza. Editorial Loqueleo.
  - *A formiga destemida*. María Reimóndez. Colección Merlín. Editorial Xerais.
  - *Vampira de biblioteca*. Leticia Costas. Colección Merlín. Editorial Xerais.
  - *El Superzorro*. Roald Dahl. Editorial Loqueleo.
- ☀️ Imaxinade e escribide coa mellor letra posible contos e ilustrádeos con debuxos. Consultade o dicionario cando dubidedes sobre a forma na que se escribe correctamente unha palabra.
- ☀️ Preguntade a un adulto ou investigade coa súa axuda na rede sempre que non comprendades algunha palabra ou feito que léchedes ou escoitáchedes.



☀️ Colaborade con mamá e papá nas tarefas da casa e nas da vida cotiá (así poderedes tamén repasar contidos matemáticos como o emprego das moedas e billetes cando axudedes a facer a compra ou as medidas de capacidade, masa e tempo ao facer unha receita).

☀️ Repasade as táboas de multiplicar, que non se vos esquezan!

☀️ Realizade periódicamente operacións e comprobade coa calculadora ou facendo a proba se o resultado é correcto. Para 3º: sumas, restas, multiplicacións por ata dúas cifras e divisións por unha cifra. Para 4º: sumas, restas e multiplicacións con e sen decimais e divisións por dúas cifras.

☀️ Podedes realizar coa axuda da familia algúns dos ditados do seguinte enlace:

<http://www.rinconmaestro.es/lengua/dictados.html>

☀️ Podedes practicar a resolución dalgúns dos problemas propostos no seguinte enlace:

<https://www.smartick.es/matematicas/enun.html>



☀️ Para as familias que queirades mercarlles un libro de repaso para traballar durante o verán todo o dado durante o curso:

➤ Para 3º: *Vacaciones Santillana. Repaso 3º.*

➤ Para 4º: *Vacaciones Santillana. Repaso 4º.*

☀️ E por último, as dúas tarefas máis importantes e obrigatorias para realizar no verán:

XOGADE!!! correde, saltade, ride, cantade e bailade, disfrazádevos e pintádevos a cara, chapuzade na auga, lanzade o balón, construíde castelos, facede pulseiras...

e DESCANSADE!!! que hai que volver en setembro con moitas ganas de aprender cousas novas!

**BO VERÁN!!**